

Nova Comisión de selección Convocatoria Pública 05/2023

Con data 15 de maio de 2023, publicouse a Resolución 05/2023, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i que figuran no anexo á convocatoria, a través do procedemento de contratación ordinaria (CSV: 601D-2545-4524-93FE).

A convocatoria de contratación establece os “órganos de selección, ao abeiro do artigo 5 do *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i*, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2019, son a Comisión Permanente, cuxa composición e funcións se recollen no seu artigo 6, e as Comisións Especializadas de Selección”.

Tendo en conta o establecido no artigo 17.3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e visto o escrito presentado por D^a. Rosa María Mosquera Losada, no que comunica a substitución por causa xustificada de D José Javier Santiago Freijanes

Esta Reitoría resolve proceder á substitución de D. José Javier Santiago Freijanes, quedando a actual composición das Comisións de selección das prazas como segue:

REFERENCIA DA PRAZA 2021-PO062.00

Nº solicitude: 2023/C05M06

Presidente/a: MOSQUERA LOSADA, MARÍA ROSA

Secretario/a: FERREIRO DOMÍNGUEZ, NURIA

Vogal: **ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ**

REFERENCIA DA PRAZAS 2021-PO062.01

Nº solicitude:2023/782

Presidente/a: MOSQUERA LOSADA, MARÍA ROSA

Secretario/a: **ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ**

Vogal: FERREIRO DOMÍNGUEZ, NURIA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

Por delegación do Reitor

(Resolución do 21/04/22, DOG 26/04/22)

O Vicerreitor de Política Científica,

Vicente Pérez Muñuzuri

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, VICERREITOR DE POLITICA CIENTIFICA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/05/2023 13:13:27.

CSV: 8DF7-7036-4DE3-8EF4